


Lickan  
córtalle a  
crista ao galo





Hai un cadro de Paul Klee chamado Angelus Novus. Neste cadro representase a un anxo que parece a piques de afastarse de algo ao que fita. Os ollos vénselle desorbitados, ten a boca abertas e ademais as ás despregadas. Pois este aspecto deberá ter o anxo da historia. El volveu o rostro cara ao pasado. Onde ante nós aparece unha cadea de datos, el ve unha única catástrofe que amontoa incansablemente ruína tras ruína e vaillas lanzando aos pés. Ben lle gustaría deterse, espertar aos mortos e recompoñer o esnaquizado. Pero, soprando desde o Paraíso, unha tempestade enrédase nas súas ás, e é tan forte que o anxo non pode pechalas. Esta tempestade empúxao incontido cara ao futuro, ao cal volve as costas mentres o cúmulo de ruínas ante el vai crescendo ata o ceo. O que chamamos progreso é xustamente esta tempestade.

W. Benjamin



**Estou farta da historia, e teño que darlle a razón ao sabio de W. Benjamin, temos que "cepillar la historia a contra-pelo", pese a que a barbarie quede sempre de herdanza.**

**Deixa que te conte, non o vas crer.**

Houbo un tempo en Chile, no que o pobo tratou de construír un mundo diferente, no que a xustiza social era a o punto primixenio do que se tiña que partir.

O pobo chileno, despois de moitas loitas, logra a vitoria o 4 de setembro de 1970 a través de **Unidad Popular**, forza de esquerdas ao xeito do que fora a **Fonte Popular** na España do 1936.


As forzas políticas no taboleiro eran as de sempre, a Democracia cristiana - partido que aglutina a oligarquía, a burguesía e os fondos, herdanza da España colonial-, e por outra banda a esquerda, moito tempo ilegal e clandestina- o pobo-.

O momento para **Unidad Popular** non era propicio - nunca o é para a xustiza ante os poderosos-, xa que o mundo movíase entornó a bipolaridade da Guerra fría, a iso debemos engadir a pantasma de Cuba no hemisferio americano, e por riba o máis doloroso o imperialismo yankee.

Todas cantas organizacións e forzas que aquí relato, son para traballar en profundidade, pois nada é o que parece e recomendo ao lector destas páxinas que afonde nas pegadas da historia no referente a: **Escola das Américas, Fondos, Juntas de Abastecimiento y Control de Precios (JAP), Movimiento de Izquierda Revolucionaria (MIR)...**

Para que conste en acta, Chile neste intre foi o laboratorio dos Chicago Boys, un neoliberalismo tinguido de sangue. Deste xeito o que EEUU non conseguira cos seus escuadróns o fará a partires de acora mediante a diplomacia suave dos verdes e armoniosos campus universitarias das **Ivy League** norteamericanas principalmente as universiddaes Chicago e Cambridge.





Moitos foron os fitos acontecidos e os traballos que se deron no campo políticos, social e cultural.

Un traballo a feito por todos en fábricas, fundos e cidades. **Unidade Popular** e as súas forzas despregaron a imaxinación para un futuro que era de xustiza.



Así, ao igual que se fixera na II República en España no 1931 coas **Misións pedagóxicas**, en Chile en 1971, un **Tren da Cultura** percorreu as zonas do sul intentando facer chegar o mellor desta onde nunca Chegara.







1972 El gobierno de Unidad Popular  
aproba a Lei indíxena

Estas son algunhas palabras do  
presidente Allende:

*"Ao longo do ano e medio que temos de  
Goberno, encaramos problemas  
transcendentes na vida nacional; no  
campo económico ao recuperar as  
riquezas básicas para Chile, na  
nacionalización dos monopolios; no  
impulso audaz na Reforma Agraria; no  
establecemento dun orzamento de  
divisas; na estatización dos bancos.  
Iniciativas, todas, transcendentes para  
a vida nacional.*





*Pero creo que este é o acto de maior significación e de maior xustiza. Penso que é a primeira vez que esta casa, que é a Casa do Goberno, ábrese para que o pobo mapuche, para que os dirixentes de oito provincias, entren a ela sentíndose -como deben selo- cidadáns chilenos, iguais a todos nós."*

Está claro que isto era demasiado para os **Momios** e sabíamos que algo ía pasar....

"Yo les digo a ustedes, compañeros, compañeros de tantos años, se lo digo con calma, con absoluta tranquilidad: yo no tengo pasta de apóstol ni tengo pasta de Mesías, no tengo condiciones de mártir. Soy un luchador social que cumple una tarea, la tarea que el pueblo me ha dado; pero que lo entiendan aquellos que quieren retrotraer la historia y desconocer a la voluntad mayoritaria de Chile: sin tener carne de mártir, no daré un paso atrás; y que lo sepan: **dejaré La Moneda cuando cumpla el mandato que el pueblo me diera.....**

**No tengo otra alternativa. Sólo acribillándome a balazos podrán impedir la voluntad que es hacer cumplir el programa del pueblo."**


**Santiago de Chile 2 de diciembre 1972,  
Estadio Nacional**



12 de setembro de 1912  
Chile

maleta






*L' Spirale* (1976)/Armand Matellart

Eu teño tantos irmáns que non os podo  
contar, so que agora os están danando.

**Momios cretinos, fascistas e asasinos!!!**

Si pensades que vai quedar así a cousa,  
estades ben equivocados, temos moito en  
xogo.





12 de setembro de 1973, cara Santiago de Chile

maleta

Entender esta imaxe supón ter sabido que Chile é un país de oligarcas e fondos coloniais defendidos po unha casta pretoriana.

O exercito chileno leva as roupas e as ideas do que fora un dos exércitos mais crueis da vella Europa, o do imperio prusiano, a isto temos que sumarlle o reforzo e a patina que lle deu os seus xenerais a **Escola de las Américas**.

A base da súa ideoloxía é considerar ao pobo como o máximo inimigo da Nación.

Deste xeito o exercito é a única forza do Estado que actúa contra o goberno no momento que non respecta a súa condición pretoriana.

Os canons apuntaban cara dentro das fronteiras. Que inxenuidade pensar que estes parasitos ían defender algo.

Xa dicía **James Baldwin**. "Por favor, non fagades nada por min "



Recen chegada a Santiago o espectáculo que  
atopei foi devastador.

Atopeime de cara coa tortura e asasinato dos  
meus compañeiros.

As rúas están ensanguentadas, como tamén  
estaban as fábricas e os fondos  
desalambrados.

Era un estado de barbarie sobreviñida,  
Os militares arrasan todo.



Non teño outra alternativa que acabar ca mala herba.

O 3 de novembro entrei a traballar nun cabaré nocturno.

É sabido de todos, que aos militares gústalle vir a esquecer os seus actos neles; exemplos temos de abondo a SS Nazi, Millán Astrai e a Lexión...

Estes non tardarán en vir.

E cando chegue o galo perderá a crista.

Sen compracencias.



CABARET





Non tunc  
ad herba  
et sic ad  
ad herba  
et sic ad  
ad herba  
et sic ad  
ad herba  
et sic ad

Estes  
Et rando  
Sen





E unha noite con 10a. Cruz.


Que liberados quedamos meu deus.



E unha noite con lúa chea...  
Que liberadiños quedamos, meu deus.

Carinho de Penelope Dina -







Agora contaba entender por que o asalto.

O poder das oligarquías e o imperialismo

Os que está detrás non é outro que o imperialismo norteamericano, imperialismo que como din os historiadores comeza unha vez constituída a nación e como unha "**dust bowl**" o vai arrasando todo ao tempo que se alimenta coa destrución : México, Cuba, Salvador....

Neste caso mais alá do imperialismo económico das súas compañías Anaconda ITT, temos unha política militar intervencionista das heavys. Tal e como o demostrou o xornalista "mukraker" **Jack Anderson**, revelando os papeis secretos da ITT e a súa vinculación coa CIA e a Casa Branca (a manobra estaba liderada polas boas pezas de Nixon e Kissinger- D.E.P.)


and/Coop

Teño que chegar axiña a Washington D,C.,  
antes que os peixes de Nixon e Kissinger  
podan celebralo cunhas cuncas.

Férveme o sangue so de pensalo.

Van quedar cas orellas quentes e que non  
pense a casa Branca que vai quedar sen  
necesidade de pintura.





WASHINGTON D.C.








Batalla de Chile. I /P. Guzmán



Batalla de Chile. II /P. Guzmán



Batalla de Chile. III / P. Guzamán



**Algunhas cousas que debes mirar, altamente  
recomendables para amoblar a testa:**

- . La spirale (1974) / Dirección Armand  
Mattelart, Valérie Mayoux, Jacqueline  
Meppiel. Guión: Chris Marker**
  
- . ¿Qué hacer? (1970) / Raoul Ruiz, Saul  
Landau, Nina Serrano**
  
- . Compañero presidente (1971) / Miguel  
Littin**
  
- . Voto + fusil (1971) / Helvio Soto**
  
- . Venceremos (1971) / Pedro Chaskel, Hector  
Rios**
  
- . El Primer año (1972) / Patricio Guzmán**
  
- . La respuesta de octubre (1972) / Patricio  
Guzmán**



. La guerra de los Momios (1974) / Walter Heynowski, Gerhard Scheumann


. La tierra prometida (1972) / Miguel Littín

. La Batalla de Chile : La insurrección de la burguesía (1975)

. La Batalla de Chile : El golpe de estado (1976)

. La batalla de Chile : el poder popular ( 1979 )





**"Os vencidos da historia comunican pero non teñen voz"**

**W. Benjamin**